

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE INTERNACIONAL BioReDes

O programa de actuación da Agrupación Estratéxica BioReDes, aprobada por Resolución do 24 de outubro de 2018 (DOG 210 de 5 de novembro) pretende impulsar o posicionamento internacional dos grupos que forman parte dela a través de diversas actividades, entre as que figura o desenvolvemento dun programa de mobilidade internacional, un programa de investigadores/as visitantes no marco de colaboracións científicas e o posicionamento nas grandes iniciativas e plataformas europeas.

Para desenvolver estas actividades a Agrupación convocará as axudas que de seguido se indican en **tres convocatorias semestrais a realizar en marzo-2019, outubro-2019 e abril-2020**. Para levar a cabo a segunda fase, o grupo de traballo de internacionalización de BioReDes, co visto bo da Executiva, acordou a publicación desta convocatoria interna de mobilidade internacional, baixo as condicións que de seguido se sinalan:

Obxecto da convocatoria e contías

O obxecto da convocatoria é financiar dous tipos de actividades:

1. **Modalidade A:** Cofinanciación de estadias de investigadores/as da Agrupación en institucións internacionais de recoñecido prestixio identificadas como prioritarias para BioReDes e estadias de investigadores/as estranxeiros en grupos de investigación da Agrupación, no marco de colaboracións científicas. Estas visitas deberían aproveitarse para organizar charlas/conferencias, seminarios ou talleres especializados para mellorar a formación dos nosos estudantes e investigadores e a presentación da investigación de BioReDes en centros de investigacións estranxeiros. O orzamento para esta modalidade nesta segunda convocatoria é de 7.000 euros para o total das solicitudes aprobadas.
2. **Modalidade B:** Cofinanciación de asistencias de investigadores/as da Agrupación a eventos europeos de presentación de iniciativas, así como a reunións presenciais para a preparación de proxectos ou redes temáticas. O orzamento para esta modalidade nesta segunda convocatoria é de 3.000 euros para o total das solicitudes aprobadas.

Nas dúas modalidades os fondos se repartirán en función da relevancia da proposta e o axuste os criterios de selección definidos na convocatoria.

Cofinanciaranse aquelas actividades que se desenvolvan **entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2020**.

Requisitos para optar ás axudas

A presentación de propostas de mobilidade internacional en calquera modalidade se centra exclusivamente en membros que formen parte dos grupos de BioReDes; no caso das estadias de investigadores estranxeiros nos grupos será baixo a proposta de cando menos un investigador de BioReDes.

Xustificación e aliñamento coa Axenda Científica de BioReDes

As propostas deberán xustificar debidamente no formulario o seu interese de cara o plan de internacionalización dos grupos de investigación da Agrupación. Deberán referir tamén o seu aliñamento cos distintos eixos científicos da Agrupación:

- Producción e saúde animal sostibles
- Producción vexetal e agricultura sostible
- Alimentación segura
- Xestión forestal sostible

Xestión da convocatoria

A xestión desta convocatoria de axudas corresponderá o Grupo de Traballo de Internacionalización con visto bo da Executiva de BioReDes, que constituirá a comisión de xestión e avaliación formada polos seguintes investigadores:

- Dra. Rosa Mosquera Losada, área de Producción Vexetal
- Dr. Santiago Pereira Lorenzo, área de Producción Vexetal
- Dr. Paulino Martínez Portela, área de Xenética

Preparación das propostas

As propostas presentaranse en formato pdf seguindo o único formulario que se achega no Anexo I, e conterán os seguintes apartados:

MODALIDADE A:

Acollidas de investigadores estranxeiros en centros da Agrupación:

- 1) Nome e filiación do investigador visitante
- 2) Nome e filiación do investigador anfitrión
- 3) Breve perfil do investigador visitante
- 4) Obxecto e duración da visita
- 5) Orzamento que se solicita xustificado: Poderanse considerar os seguintes conceptos:
 - Dietas e desprazamentos
 - Outros

- 6) Aliñamento cos eixos da Agrupación e beneficios esperados

Visitas de investigadores da Agrupación a centros de investigación estranxeiros:

- 1) Nome e filiación do investigador visitante
- 2) Breve perfil do anfitrión e do centro que se pretende visitar
- 3) Obxecto e duración da visita
- 4) Orzamento que se solicita xustificado: Poderanse considerar os seguintes conceptos:
 - Dietas e desprazamentos
 - Outros
- 5) Aliñamento cos eixos da Agrupación e beneficios esperados

MODALIDADE B:

Asistencias de investigadores/as da Agrupación a eventos europeos de presentación de iniciativas, así como a reunións presenciais para a preparación de proxectos ou redes temáticas.

- 1) Descrición da reunión á que se pretende asistir
- 2) Aliñamento cos eixos da agrupación
- 3) Beneficios para o grupo do solicitante e para BioReDes
- 4) Orzamento que se solicita e xustificación

A solicitude deberá ir asinada polo investigador solicitante, e dirixida ao coordinador do Grupo de Internacionalización e ao Director de BioReDes. A axuda será compatible coa percepción de outras axudas para idéntico fin sempre que non superen o coste total estimado da viaxe.

Presentación das propostas

A presentación de solicitudes farase mediante correo electrónico dirixido a bioredes.internacionalizacion@usc.es, achegando como anexo en formato pdf o formulario indicado anteriormente.

O prazo para a presentación de propostas será dende o día 14 ata o 28 de outubro de 2019 ás 14:00 horas. A comisión de internacionalización encargada da xestión da convocatoria comprobará o cumprimento dos requisitos indicados ata o 31 de outubro (emenda de erros).

Selección das propostas

O proceso de selección e financiación consistirá nunha avaliación interna, que fará o grupo de internacionalización encargado da xestión da convocatoria.

A puntuación máxima a obter será de 100 puntos, co seguinte reparto:

- Interese para a Agrupación: 40
- Consistencia da proposta: 30
- Aliñamento da proposta cos retos específicos de cada eixo da Axenda Científica: 20
- Adecuación do orzamento: 10

A financiación final dependerá do número de propostas presentadas e da súa valoración.

Comunicación de resultados e reclamacións

A comunicación de resultados realizarase mediante publicación na web de BioReDes das puntuacións acadadas nos distintos ítems, xunto co envío por correo electrónico ao IP da proposta **antes do día 5 de novembro de 2019**.

Poderase presentar solicitude de revisión da avaliación, mediante correo electrónico enviado a bioredes.internacionalizacion@usc.es. Os reclamantes serán convocados para recibir información adicional das xustificacións aportadas polo grupo de traballo de BioReDes e, de ser o caso, modificar a proposta da comisión.

Execución e seguimento das axudas

A consecución da axuda suporá a posibilidade de imputar gastos á partida orzamentaria de BioReDes, por parte do solicitante. **A execución da axuda deberá ter rematado en marzo de 2020**.

O seguimento das axudas suporá a presentación dun informe final ata dúas semanas despois da execución da axuda dirixida a responsable do Grupo de Internacional e o Director da BioReDes, onde se indicarán os resultados obtidos e a contribución da mesma á consecución dos indicadores establecidos na memoria de BioReDes.

ANEXO I

FORMULARIOS SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

MODALIDADE A

Acollidas de investigadores estranxeiros en centros da Agrupación:

- 1) Nome e filiación do investigador visitante:
- 2) Nome e filiación do investigador anfitrión:
- 3) Breve perfil do investigador visitante:
- 4) Obxecto e duración da visita:
- 5) Orzamento que se solicita xustificado: Poderanse considerar os seguintes conceptos:
 - Dietas e desprazamentos
 - Outros
- 6) Aliñamento cos eixos da Agrupación e beneficios esperados:

Visitas de investigadores da Agrupación a centros de investigación estranxeiros:

- 1) Nome e filiación do investigador visitante:
- 2) Breve perfil do anfitrión e do centro que se pretende visitar:
- 3) Obxecto e duración da visita:
- 4) Orzamento que se solicita xustificado: Poderanse considerar os seguintes conceptos:
 - Dietas e desprazamentos
 - Outros
- 5) Aliñamento cos eixos da Agrupación e beneficios esperados:

MODALIDADE B

- 1) Descrición da reunión a que se pretende asistir:
- 2) Aliñamento cos eixos da agrupación:
- 3) Beneficios para o grupo do solicitante e para BioReDes:
- 4) Orzamento que se solicita e xustificación: